

Decembro 2020

## Coñece ao noso equipo



**PATRICIO SÁNCHEZ,**  
investigador do grupo  
GEN

**Patricio Sánchez Fernández** é Doutor en economía matemática e métodos estatísticos pola Universidade de Vigo e Postgraduate in Marketing and Enterprise Skills polo Galway Institute of Technology de Irlanda. Ademais, é profesor contratado doutor do Departamento de Economía Financeira e Contabilidade e subdirector do grupo de investigación GEN (Governance and Economics research Network) da UVigo. Tras obter o Premio Extraordinario de Licenciatura continuou a súa formación no Instituto Galego de Estatística (IGE) e no Consello Económico e Social (CES-Galicia) compaxinando estas tarefas coa experiencia laboral no sector financeiro. Na actualidade é coordinador do Mestrado en Xestión Empresarial do Deporte do Campus de Ourense e subdirector do Foro Económico de Galicia, colaborando na redacción do Informe de Conxuntura Socioeconómica dende o seu nacemento. A súa carreira investigadora realizouna no seo de equipos de investigación de proxectos competitivos a nivel nacional relacionados coa economía, a xestión empresarial, o turismo e o deporte. Igualmente, participou en numerosos congresos nacionais e internacionais, e conta con máis de 20 traballos en revistas de impacto.

No ámbito da transferencia é colaborador habitual de medios de comunicación galegos e mantén unha estreita vinculación co mundo federativo do deporte, sendo actualmente vogal da Xunta Directiva da Real Federación Española de Natación. No ano 2012 foi galardoado co Premio Agaxede ó mellor estudo ou innovación deportiva.



**INVESTIGADORES DE ECOBAS LANZAN O PROXECTO SAVES**

Esta aplicación permite acceder á información sobre a situación e evolución recente do Cooperativimos en Galicia vía web.

## Noticias destacadas



**A PANDEMIA NON É UN OBSTÁCULO PARA AS ESTADÍAS DE INVESTIGACIÓN**

Varios membros da Agrupación mantiveron os seus plans de realizar unha estadía de investigación noutras universidades, españolas e estranxeiras.

## Convocatorias abertas e eventos de interese

**Axudas Juan de la Cierva - Incorporación** (Prazo de presentación de solicitudes ata o 19/01/2021)

**Axudas Juan de la Cierva - Formación** (Prazo de presentación de solicitudes ata o 21/01/2021)

**Axudas Ramón y Cajal** (Prazo de presentación de solicitudes ata o 21/01/2021)

**Axudas para o fomento da Cultura Científica, Tecnolóxica e da Innovación** (26/01/2021)